

Ferrol, febreiro de 2012. Membros do Parlamento Europeo xiraron visita á ría de Ferrol e á planta de gas de Mugardos para comprobar in situ a **contaminación da ría** e os proxectos agresivos que nela se desenvolven.

Tralas denuncias presentadas por diversos colectivos como varias confrarías e o Comité Cidadán de Emerxencia (do que fai parte ADEGA), os membros do Parlamento Europeo visitaron as rías galegas, e en concreto poideron comprobar na ría de Ferrol a grave contaminación, a ausenza de depuración e o alto nível de lodos, así como as irregularidades e perigos da planta de gas de Mugardos. En poucos meses terán elaborado un informe ao respeito pero a impresión que levaron da situación foi que as denuncias presentadas tiñan suficiente fundamento.